

BAILAREMOS BAIXO UNHA ESTRELA



Texto orixinal **Fernanda Rodríguez Muguruza**
Ilustracións e maquetaxe **Eva Rami**

Bailaremos baixo unha estrela

Deseño e maquetaxe: Eva Rami

© Copyright do texto: Fernanda Rodríguez Muguruza

© Copyright das ilustracións: Eva Rami Pérez

© Tradución: Ramón X. Rodríguez Orol

Auto edición 2020

www.mipsicologainfantil.com


www.evarami.com

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformacións desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista pola lei. Respectando as leis do copyright está apoiando ás autoras e permitindo que continúen publicando libros para todos os lectores.


BAILAREMOS BAIXO UNHA ESTRELA

Texto orixinal ©FernandaRodríguezMuguruza www.mipsicologainfantil.com
Ilustracións ©EvaRami www.evarami.com

Texto orixinal **Fernanda Rodríguez Muguruza**
Ilustracións **Eva Rami**



Un virus malvado a todas as persoas quería enfermar.
Que teñan febre, que tusan e que non poidan respirar.




Este virus era moi veloz e en moitos lugares entrou.
A escolas, tendas, buses e restaurantes atacou.

Estamos moi tristes, máis enfermos non queremos.
Xuntos debemos loitar. **NA CASA QUEDAREMOS!**



Nalgúns días ao cole
non poderemos ir.
O bo é que na casa
podémonos tamén divertir!

Hai algunhas regras importantes para non enfermarse.
E se as cumprimos, **ao virus poderemos eliminar.**



Con **auga e xabón** lavamos ben as mans.
Debemos estar limpos para estar supersáns.



Saúda de lonxe e cun sorriso.
Pofo de agora **sen bicos nin aloumiños.**



Se toses ou esbirras, **co cóbado** deberaste tapar.
Tamén cun pano poderaste limpar.



Lembra que tan preto non podemos estar.
Mantendo a **distancia** tamén podemos falar.



O máis importante é que a cara non debes tocar.
Levar as mans aos ollos, nariz e boca, debes evitar.



Para coidar o mundo,
todo o posible vou facer!
A solidariedade é un valor importante que debo ter.



Cando por fin saiamos da casa,
abrazarnos será especial.

O día a día transformarase
nunha festa xenial.



Saberemos que cada un de nós é **afortunado**
de ter a nosa familia e amigos ao noso lado.

As flores, o ceo e o mar son un agasallo.
Deixaremos atrás todo o malo.



E cando todo pase,
entenderemos que **a vida é moi bela.**



Gozaremos do atardecer
e bailaremos baixo unha estrela.





Fin.



Fernanda Rodríguez Muguruza

Psicóloga especialista en infancia e familia.

info@mipsicologainfantil.com

  @fernandamipsicologainfantil

www.mipsicologainfantil.com



Eva Rami

Ilustración e deseño gráfico

Mestra de Primaria, logopedista e intérprete de Lingua de Signos.

info@evarami.com

  @evarami.studio

www.evarami.com

Colaboración:



Ramón X. Rodríguez Oro (Tradución ao galego)

Mestre de Educación Infantil





Bailaremos baixo unha estrela é un conto infantil cunha mirada de reflexión para os máis pequenos. Ademais de proporcionar información sobre a prevención do COVID19, transmite unha mensaxe de esperanza e valor á vida.



PROHIBIDA A SÚA
VENDA. OBRA SUXEITA
A DEREITOS DE AUTOR.

Auto edición. Copia dixital gratuíta.

  @fernandamipsicologainfantil @evarami.studio
www.mipsicologainfantil.com www.evarami.com

